



**Expte nº:** 627/2022.

**Procedemento:** Aberto simplificado mediante sistema de poxa pública

**Tipo de contrato:** Patrimonial de carácter privado

**Asunto:** *Alleamento, mediante poxa, de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures*

## DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

En Pontecesures, na data das sinaturas dixitais.

Dunha parte, **D. Juan Manuel Vidal Seage**, con D.N.I. núm. 33281926-Y, Alcalde-Presidente do Concello de Pontecesures, actuando no seu nome e representación; asistido da Secretaria-Interventora da Corporación **D<sup>a</sup>. Flavia Campos Lages**, con DNI 44083687-R, que da fe do acto.

Doutra parte, **D. Carlos Iglesias Dapena**, con D.N.I. núm. 33.332.631-L, en nome e representación da empresa **FINANCIERA MADERERA S.A.**, con C.I.F. A-15005499 con domicilio fiscal en rúa Formaris, S/N, 15700 Santiago de Compostela (A Coruña) e correo electrónico habilitado para notificacións: **c.iglesias@finsa.es**

E recoñecéndose mutuamente legal capacidade para obrigarse e proceder á formalización do contrato:

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Expediente orixinal nº 417/2022 para o *Alleamento de aproveitamentos madeireiros no monte Salgueiras de Pontecesures*.

*Proxecto de ordenación forestal do Monte Salgueiras* de data 03/11/2021, aprobado en Xunta de Goberno local nº 09/2021 na sesión extraordinaria celebrada en data 04/11/2021.

Condicionado do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de Pontevedra de data 26-10-2021.

Prego de prescricións técnicas (a resultas) para o alleamento de aproveitamentos madeireiros de data 11-02-2021 da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.

Acta da mesa de contratación de data 24 de maio de 2022 de apertura de ofertas, proponendo declarar deserta a licitación.

Acordo da Xunta de Goberno local de data 31 de maio de 2022 declarando deserta a licitación e aprobando un novo expediente para levar a cabo a licitación do alleamento.





Acta da mesa de contratación de data 27 de xuño de 2022 proponendo á empresa Financiera Maderera S.A. como adxudicataria do alleamento, por ser a mellor oferta á alza.

Certificación do punto 3º da Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión de data 7 de xullo de 2022 no que se acorda:

- Adxudicar o contrato de Alleamento de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures á empresa Financiera Maderera S.A., por un importe de alleamento de 21,10 €/Tm (sen IVE), por ser a mellor oferta económica, nos termos establecidos nos pregos da licitación.
- Que se notifique a presente Resolución aos licitadores, e que se proceda á súa publicación na Plataforma de Contratos do Estado, conforme ao previsto no artigo 63.4 da LCSP.
- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa desagregación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** D. Carlos Iglesias Dapena, con D.N.I. núm. 33.332.631-L, en nome e representación da empresa FINANCIERA MADERERA S.A., con C.I.F. A-15005499, comprométese á execución do *Alleamento, mediante poxa, de aproveitamentos madeireiros a resulta de claras no monte de U.P. Salgueiras de titularidade municipal de Pontecesures*, de acordo ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ao Prego de prescripcions técnicas, e á súa oferta presentada (prezo total de alleamento por Tm excluído IVE) de 21,10 €/Tm, coas características indicadas; documentación contractual que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha, do que deixa constancia asinando neste acto a súa total conformidade.

**SEGUNDA.-** O prezo do alleamento sen IVE, é o de VINTE E UN EUROS CON DEZ CÉNTIMOS POR TONELADA MÉTRICA DE MADEIRA (21,10 €/Tm)

**TERCEIRA.-** O prazo de execución do contrato é de catro (4) meses e estenderase dende a data seguinte á de formalización do contrato ata a efectiva corta, limpeza das fincas e retirada definitiva da totalidade da madeira obxecto do contrato de alleamento, previo cumprimento das formalidades previstas no PCAP.

**CUARTA.-** D. Carlos Iglesias Dapena, en nome e representación da empresa FINANCIERA MADERERA S.A, presta a súa conformidade ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que é documento contractual, e sométese, para canto non se atope nel establecido aos preceptos da Lei





9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese en dous exemplares e a un único efecto.

Asinan dixitalmente, na data indicada á marxe:

Polo Concello de Pontecesures: O Alcalde-Presidente, Juan Manuel Vidal Seage, e a Secretaria-Interventora do Concello, D<sup>a</sup> Flavia Campos Lages, que da fe.

Polo Contratista, “FINANCIERA MADERERA S.A.”, o seu representante: D. Carlos Iglesias Dapena.

